



CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO)

BASES XERAIS DA CONVOCATORIA PARA A AMPLIACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO DE RESERVA NA CATEGORIA DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR (AMPLIACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO VIXENTE DE DATA 19/10/2021 A TRAVÉS DE DECRETO DE ALCALDÍA NÚMERO 2021-0301), MEDIANTE CONCURSO. PERSOAL LABORAL TEMPORAL. XORNADA SEGUNDO SE PRODUZA AUMENTO NAS CIRCUNSTANCIAS DE PRODUCCIÓN. DURACIÓN DO CONTRATO: MÁXIMO 6 MESES. CUN MÁXIMO DE DURACIÓN ATA FIN DA BOLSA DE EMPREGO DE RESERVA VIXENTE DE DATA 19/10/2021

PRIMEIRO. Normas xerais

O obxecto das presentes bases é a selección, mediante concurso, de persoal auxiliar de axuda no fogar para a área de servizos sociais do Concello de Guntín para a ampliación da bolsa de emprego de reserva vixente de data 19/10/2021, a través de Decreto de Alcaldía 2021-0301. Anunciando a convocatoria no Diario O Progreso, no Taboleiro de Anuncios do Concello de Guntín e na páxina do Concello www.guntin.es.

A habilitación para dar cobertura aos referidos postos é a que figura na “declaración municipal de sectores /servizos prioritarios e esenciais para o exercicio 2023”, (acordo do Pleno Municipal do 19 de Xaneiro de 2023).

Os postos referidos están adscritos ao Concello de Guntín, área de servizos sociais, e as funcións son as seguintes:

- Atencións domésticas: todas aquelas actividades e tarefas que se realizan de forma continua no fogar relacionadas coa alimentación, limpeza, mantemento da vivenda, etc.
- Atencións persoais: actividades relativas a facilitar ao apoio social efectivo, tales como compañía, hixiene persoal, acompañamento a xestións e mobilización dentro do fogar.
- Axuda ás persoas dependentes.

A vixencia da Bolsa será como máximo ata fin da bolsa de emprego vixente de data 19/10/2021, a través de Decreto de Alcaldía 2021-0301.

Ao presente concurso será de aplicación o previsto na Lei 2/2015 do 29 de abril do Emprego público de Galicia, nos artigos 177 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; artigos 91 y 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público, o Real Decreto 364/1995, de 10 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Réxime Disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado.

SEGUNDO. Modalidade e duración do contrato e salario.

A modalidade do contrato é por aumento das circunstancias de produción ou substitución de persoal traballador.

A xornada de traballo será segundo as necesidades de servizo, de luns a domingo (festivos incluídos).

Retribucións: 1.123,42 euros brutos ao mes.

TERCEIRO. Definición e finalidade da bolsa.





CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO)

1. Enténdese por Bolsa de Emprego un sistema de selección para a cobertura das necesidades temporais de persoal.
2. A selección de persoal e a ampliación de dita Bolsa de Emprego teñen como fin dotar ao Concello do persoal máis capacitado e preparado seguindo criterios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade nos casos considerados na lei. Así mesmo ten como fin axilizar os procedementos de dotación de persoal en prol dunha maior eficacia dos Servizos Públicos.
3. A Bolsa de emprego resultante, estará formada por catro listas. A primeira lista estará integrada polos candidatos da primeira bolsa en vigor (De data 19/10/2021), a segunda lista, estará integrada polos candidatos resultantes da segunda ampliación da Bolsa (De data 27/09/2022), a terceira lista, estará integrada polos candidatos resultantes da terceira ampliación da Bolsa (De data 02/06/2023) e a cuarta lista, estará integrada polos candidatos resultantes do proceso actual. Os candidatos, deberán acreditar o **Certificado de profesionalidade de auxiliar de axuda no fogar** ou **Titulacións equivalentes** ou **declaración responsable de ter experiencia nas labores a desempeñar**.
4. De cada aspirante consignaranse o seu nome e apelidos, e catro díxitos aleatorios do Documento Nacional de Identidade e puntuación obtida.
5. En ningún caso a mera pertenza á Bolsa implicará dereito ningún a obter nomeamento ou contrato laboral, garantíndose unicamente que, cando o Concello considere conveniente a súa utilización, polos motivos expostos na base primeira, respectarase o procedemento de chamamento regulado nestas Bases.

CUARTO. Condicións de admisión de aspirantes

Para formar parte nas probas de selección, será necesario:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- e) Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenrolo das súas funcións.
- f) Posuír a titulación ou **Certificado de profesionalidade de auxiliar de axuda no fogar** ou ter realizado a formación requirida para a súa obtención e ter presentado a solicitude de emisión do título no organismo ao que lle corresponde a emisión, tamén serán válidos os títulos ou certificados de profesionalidade que son válidos para institucións. **Titulacións equivalentes** ou superiores nas ramas socio-sanitaria. Poderán presentarse todos aqueles candidatos que a pesar de non ter a titulación requirida presenten **declaración responsable de ter experiencia** nas labores propias do posto ao a que se presentan, **terán preferencia á hora de ocupar as prazas vacantes as persoas que acrediten ter a titulación, valorando a estes en primeiro lugar a continuación ao restante dos candidatos**.
- g) Estar en posesión do carné de conducir (B) e dispor de vehículo.
- h) Posuír o certificado de Celga 1, equivalente ou superior, debidamente homologado polo Órgano Competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, ou obter a cualificación de APTO na proba do galego.





CONCELLO DE GUNTIN (LUGO)

Será obrigatorio a superación na proba de galego, para aqueles candidatos que non teñan acreditada xunto coa instancia da solicitude estar en posesión do certificado de Celga 1, equivalente ou superior.

Quedarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que coa instancia da solicitude presenten o certificado de Celga 1, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente en materia da política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co Art.35 do Decreto Lexislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2000 do 23 de xuño.

Coa finalidade de cumprir co previsto no Art.35 do Decreto Lexislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, este exercicio consistirá na tradución ``sen dicionario`` dun texto de castelán o galego e/ ou de galego a castelán, ou ben unha entrevista en galego. Esta proba valorarase como APTO ou NON APTO, sendo necesario para superalo, obter o resultado de APTO. Correspondéndolle o tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de APTO.

Os anteriores requisitos e os específicos que se esixen para a praza deben reunirse con referencia ao último día de prazo de presentación de solicitudes, debendo continuar na súa posesión durante todo o proceso selectivo.

QUINTO. Forma e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes, requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte, dirixiranse á Sra. Alcadesa-Presidenta do Concello de Guntín, e presentaranse no rexistro de entrada deste Concello ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16.4 da Lei 39/2015, no prazo de **DOUS días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Diario O Progreso. O anuncio publicarase tamén no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do mesmo.

A solicitude deberá ir acompañada por:

- a) Solicitude de participación anexa a estas Bases.
- b) Fotocopia de DNI.
- c) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
- d) Titulación a cal da acceso a convocatoria ou declaración responsable de ter experiencia nas labores propias do posto.
- e) Documentación xustificativa dos méritos alegados, incluíndo a vida laboral e copia dos contratos.
- f) Declaración formal, baixo xuramento, ou promesa, de non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas e de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.
- g) Declaración formal, baixo xuramento, ou promesa, de non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenvolvemento das súas funcións.
- h) Fotocopia do carné de conducir e declaración de dispor de vehículo.

A compulsa da anterior documentación deber facer o aspirante que resulte seleccionado.





CONCELLO DE GUNTIN (LUGO)

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeran constar nas súas solicitudes, podendo demandar unicamente a súa modificación, mediante escrito motivado dentro do prazo de presentación de instancias de solicitude, establecido nas presentes bases.

SIXTO Admisión de aspirantes

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo de 2 días, coa lista provisional de admitidos e excluídos. Na resolución, que se publicará no Taboleiro de anuncios do Concello, farase constar a causa da exclusión e concederáse un prazo de 2 días hábiles para subsanación. Na mesma publicación transcorrido o prazo de subsanación, aprobarase a lista de aspirantes admitidos con carácter definitivo, publicándose o anuncio no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do mesmo. No mesmo anuncio farase constar a designación nominal do Tribunal para a valoración de méritos.

De non existir excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva.

As alegacións presentadas serán resoltas no prazo de 10 días dende a finalización do prazo para a presentación. Transcorrido dito prazo sen que se ditara resolución algunha, as alegacións entenderanse desestimadas.

SÉPTIMO. Tribunal cualificador

De acordo co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, en relación co artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.

En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual, nin as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Os Tribunais Cualificadores estarán constituídos por:

- Presidente.
- Secretario.
- Vogais que determine a convocatoria.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade co artigo 23 e 24 da Lei





CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO)

40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

OITAVO. Sistemas de selección e desenvolvemento dos procesos

PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

A selección realizarase de conformidade co previsto na presente base polo sistema de concurso de méritos:

A fase de concurso consistirá na valoración dos seguintes méritos, na que se poderá acadar entre 0 e 15 puntos.

A) Experiencia profesional (puntuación máxima:10 puntos)

Por cada mes completo de servizos prestados en calquera administración pública mediante relación laboral ou funcional no posto de traballo ó que aspira: 0,15 puntos

Por cada mes completo de servizos prestados en calquera empresa privada no posto de traballo ó que aspira: 0,10 puntos.

En caso de contratación parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

Os méritos do apartado A) acreditaranse mediante certificación dos servizos prestados mediante informe de vida laboral ó que se deberá achegar contratos de traballo.

B) Formación (puntuación máxima: 5 puntos)

Valoraranse os títulos e cursos de formación e perfeccionamento recibidos relacionados coas funcións a desenvolver, impartidos por organismos ou institucións oficiais dependentes das administracións públicas ou homologados por estas.

Valorarase a seguinte formación relacionada do seguinte xeito:

- Formación Profesional (axuda no fogar, xerocultor, auxiliar de enfermería ou equivalentes). 2 puntos
- Cursos de formación:0,1 puntos por cada 10 horas lectivas de formación relacionada.

Non se valorarán os cursos que non especifiquen o número de horas. Valoraranse en todo caso os cursos sobre seguridade e hixiene no traballo (0,2 puntos)

Os méritos do apartado B) acreditaranse mediante copias cos correspondentes títulos ou diplomas.

Unha vez efectuada polo Tribunal a valoración de méritos publicaranse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello a puntuación obtida na fase Concurso.

O Tribunal de Selección determinará a orde provisional dos integrantes da Bolsa de Emprego, que será publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello a efectos de posibles reclamacións durante en prazo de dous días, que serán resoltas polo tribunal.

NOVENO. Cualificación

A fase de concurso ten unha puntuación máxima de 15 puntos.

No caso de empate:





CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO)

- Primeiro por aquel aspirante que obtivera maior puntuación no concurso de méritos.
- Segundo. Entrevista curricular
- No caso de persistir o empate, farase sorteo ante a presenza dos aspirantes.

DÉCIMO: BOLSA DE RESERVA:

Finalizado o proceso selectivo, o Tribunal adoptará o acordo propoñendo a relación das persoas aspirantes que integrarán a ampliación da bolsa de emprego de reserva vixente de data 19/10/2021, a través de Decreto de Alcaldía 2021-0301, para a categoría de persoal axuda no fogar, ordenadas de maior a menor puntuación obtida no Taboleiro de Edictos e na páxina Web do Concello de Guntín.

A orde de entrada na bolsa de ampliación establecerase pola suma obtida na fase de concurso.

Dita proposta do Tribunal elevarase á Alcaldía, ou órgano competente por delegación, para que dite a resolución aprobando a creación da ampliación da bolsa de emprego temporal de Persoal de Axuda no Fogar.

Cando o concello necesite algún/ha traballador/a destas características, obxecto da presente convocatoria, entón acudirase primeiramente, a bolsa xa existente (Decreto de Alcaldía 2021-0301), en segundo lugar, acudirase á segunda ampliación da Bolsa (De data 27/09/2022) e posteriormente a bolsa resultante do presente proceso selectivo. Seleccionarase ó/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ó/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto ou non cumpra nese intre cos requisitos do punto tres destas bases; o que suporá pasar ó final da lista salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse mediante a documentación necesaria.

As licenzas por maternidade seguidas de vacacións ou outras licenzas cubriranse pola mesma persoa se se producen secuencialmente e sen interrupción.

En ningún caso a mera pertenza á Bolsa implicará dereito ningún a obter nomeamento ou contrato laboral, garantíndose unicamente que, cando o Concello considere conveniente a súa utilización, polos motivos expostos na base primeira, respectarase o procedemento de chamamento regulado nestas Bases. En todo caso, o Concello, de forma xustificada, poderá convocar "ex profeso" un proceso selectivo para cubrir postos vacantes ou contratos temporais, aínda que houbese constituída unha Bolsa de Emprego.

Cando un/unha dos/as aspirantes incluídos na lista fose chamado para ocupar un posto, ó remata-lo período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que poderá ser chamado para unha nova contratación

A renuncia a un posto de traballo ofertado suporá o pase do aspirante ao último lugar da bolsa de emprego, salvo que conorra una das seguintes circunstancias:

- Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.
- Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo, sempre que se acredite debidamente.
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.

DÉCIMO PRIMEIRO. Incidencias

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a xurisdición social.





CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO)

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesado recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o xulgado do contencioso-administrativo de Lugo, a partires do día seguinte ao da publicación do anuncio no Diario O Progreso de Lugo.

Publíquese esta convocatoria de probas selectivas e a remisión ás súas correspondentes bases no Taboleiro de Anuncios do Concello de Guntín e na páxina Web.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local; o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril; e no Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro , así como as normas aplicables ao persoal laboral contidas no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do emprego público de Galicia.

En Guntín, na data da sinatura electrónica

A Alcaldesa,

Asdo.: María José Gómez Rodríguez





ANEXO I

CONCELLO DE GUNTIN

I.- DATOS DA PRAZA Á QUE ME PRESENTO:

- DENOMINACIÓN:
- RÉGIME XURÍDICO: PERSOAL LABORAL TEMPORAL

II.- DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NOME:
DNI.:	TELÉFONO FIXO: MÓBIL:	
DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓS:	MUNICIPIO: PROVINCIA:	CÓD. POSTAL:

III.- MANIFESTO: que sendo coñecedor da convocatoria de contratación , para a ampliación da bolsa de emprego de reserva vixente de data 19/10/2021, a través de Decreto de Alcaldía 2021-0301.

— **Publicación no diario O Progreso de Lugo.**

IV.- DECLARO: Que acepto as bases e que son certos os datos consignados na presente instancia de solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.

V.- SOLICITO:

Teña por presentada a presente instancia de solicitude dentro do prazo conferido ao efecto, sexa admitido fin de participar no proceso selectivo de concurso para a provisión de ditos postos, para o que presento e asino a presente solicitude.

Guntín, de de 2023.

(Asinado)

Xúntanse os seguintes documentos:

.....





.....
.....
.....
.....
.....
.....

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/DNA..... con DNI:.....

Con domicilio

Teléfono

DECLARO FORMALMENTE:

- 1) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo das Administracións Públicas, nin atoparme inhabilitado para o exercicio de funcións públicas e de non atoparme incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.
- 2) Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenvolvemento das súas funcións.
- 3) Dispoñer de carné de conducir e vehículo propio

En, a de de 2023

